

Víctor F. Freixanes: «A Galicia fáltalle un proxecto político propio que canalice o seu potencial»

[Xesús Fraga](#) Redacción / La Voz [Cultura](#)

29 xullo 2017

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2017/07/29/span-langgl-galicia-faltalle-proxecto-politico-propio-canalice-seu-potencialspan/0003_201707G29P36991.htm

O que hai corenta anos podía ser conxuntura hoxe é historia. En 1976 un mozo xornalista entregaba un libro de conversas que captou as inquietudes dunha Galicia que se asomaba á nova xeira democrática e, ao tempo que recuperaba unha historia silenciada, a do galeguismo, deixaba pairar unha pregunta: ¿quen somos e cara a onde queremos ir? Hoxe o seu autor ten 65 anos e neste tempo publicou [literatura](#) e xornalismo, foi profesor e editor e agora é o presidente da Real Academia Galega. Víctor F. Freixanes recupera ese libro, *Unha ducia de galegos* (Galaxia), para unha nova xeración e un novo tempo. Presentarase na Feira do Libro da Coruña o día 4 (20.30 horas).

-¿Como naceu este libro?

-Naceu dunha curiosidade persoal e de grupo, no entorno aquel do Burgo das Nacións, en Santiago, onde estabamos un grupo de amigos e xentes moi variadas, preocupados por Galicia e o futuro do país. Apareceran uns libros de conversas de Pániker e Baltasar Porcel e empezamos a preguntarnos, que pasa, ¿Galicia non existe? Isto que chamamos nós o galeguismo, Galicia, a nación, a lingua e a cultura, Castelao e os exiliados, ¿isto non existe? Pensei que podía facer un libro de xornalismo, no que a través dun diálogo case socrático preguntase quen somos, de onde vimos e a onde queremos ir, ordenando cronoloxicamente o relato a través de diversas figuras, do máis vello, Otero Pedrayo -a memoria do século XIX e os vellos fidalgos-, ata a xeración anterior á nosa, a do 68. Quería viaxar a través da lingua e a cultura, porque entendía que podían ser un denominador común que aglutinase rexistros diferentes: eu procuraba unha polifonía, que todo o mundo non emitise no mesmo rexistro ideolóxico ou vivencial, pero que puidesen ser representativos do que estaba pasando niso que chamamos o galeguismo, que era o que nos interesaba naquel momento.

-E agora, ¿que se acadou e que quedou polo camiño?

-Teño a sensación de que non conseguimos o soño que queríamos. Non o conseguimos. Uns, porque confundimos os desexos coas realidades, e outros, porque non soubemos facer política. Porque hai xente que confunde a política coa relixión, que cren que a política é crer o que non

vemos, cando a política é unha ferramenta para ir transformando pouco a pouco a sociedade, coa sociedade ao lado, contigo, non ti a corenta quilómetros alá arriba e que ninguén sabe quen es. Hai moitas persoas, nas que nós, a nosa xeración, tiñamos moita ilusión nelas e que non foron arriba. Pero non se trata de reprochar nada, porque todos somos responsables do mesmo barco.

-[Eduardo Blanco Amor](#) falaba dos seus problemas económicos, por exemplo. Malia as ilusións que non se concretaron, hai eidos nos que se cambiou moito...

-Moito, si. Pero creo que a este país lle falta un proxecto político propio, que canalice, estructure e poña en valor a enorme enerxía, o potencial enorme do país, en todos os ámbitos. Non só na literatura e no mundo das artes, da creación cultural, senón tamén a economía, os recursos naturais, do sector agropecuario, do viño, [turismo](#). Este é un país cunhas posibilidades obxectivas enormes. A todo iso fáltalle un discurso que nos vertebre politicamente e nos poña en valor fronte a outros. Aquí perdémonos en discusións, que se Europa si, Europa non, que se xogar dentro do marco da Constitución española ou fóra, a ortografía, a [normalización lingüística](#)... estas cousas fixéronos perder moita enerxía. Pero todo é recuperable, porque un cre que o mundo avanza, as novas xeracións están aí. Iso si, lendo o libro hai nel unha certa melancolía.

«Interesábame a entrevista como un diálogo literario»

A edición de *Unha ducia de galegos* do 2017 inclúe un novo prólogo mais dous limiares das rápidas reedicións que se fixeron do libro no ronsel do seu éxito inmediato. As conversas con Otero, Paz-Andrade, Seoane, Blanco Amor, Piñeiro, Celso Emilio, [Xaime Isla](#), [Xesús Alonso Montero](#), Beiras, Ferrín, monseñor Araúxo Iglesias e [Carlos Casares](#), nas que se falaba abertamente da traxectoria do galeguismo e o seu futuro, resoaron naquel tempo, igual que hoxe o seu eco. «O libro tivo un éxito grande de entrada entre os círculos do que podíamos chamar o galeguismo, e despois unha curiosidade enorme na sociedade galega que reclamaba a vida democrática. Había unha especie de demanda social de que isto había que cambialo e ao mesmo tempo había unha fame de información: como o cambiamos, cara a onde o cambiamos, quen van ser os axentes do cambio. Aí había un descoñecemento enorme», rememora Freixanes.

-Alén do seu retrato dun país e nun tempo, cómpre lembrar que o libro se achegaba aos entrevistados dun xeito moi próximo...

-Interesábame o documento, pero tamén facer literatura. Dende o primeiro momento entendín o periodismo como un xénero literario. Lembro aquelas entrevistas longas que publicaba a *Paris Review* a escritores como Steinbeck ou as que saían na revista *Destino*. Eu lía moito iso. Interesábame o xénero da entrevista como un diálogo literario, darlle ese aspecto non exclusivamente informativo ou conxuntural.

-O conxuntural hoxe é historia.

-Porque ademais os doce personaxes teñen un nivel importante, ningún deles caeu na valoración histórica, máis ben subiron.

-A lingua úneos aos doce.

-Iso é unha posición do autor do libro. Non é un libro inocente. Hai autores que hoxe metería, como Cunqueiro, por exemplo, contra quen entón tiñamos prexuízos, ata que Carballo Calero me puxo nas mans *Merlín e familia* e quedei abraiado. Tampouco hai mulleres. Hoxe habería mulleres, claro, pero aquela era unha época moi determinada.

-¿E tería sentido facer unha nova «Ducia» hoxe?

-Non o sei. Dende logo non chegarían doce. Tería que facelo un rapaz de 25 anos que mirase o futuro e se preguntase polo pasado, e que fixese a escolma das persoas que puidesen dicir algo ao respecto.